


# TRABALLO GRUPAL UNIVERSO

## Que tipo de galaxia é a Vía Láctea?

A Vía Láctea é unha galaxia espiral na que se atopa o sistema solar. É a segunda máis grande do grupo local ( primeira é Andrómeda).

## Onde se atopa o noso sistema solar (zona concreta da Vía Láctea)?

O sistema solar atópase na Vía Láctea, nosa galaxia, nun dos brazos espirais chamado Brazo de Orión.



## Como se formou o noso sistema solar? Compoñentes do mesmo.

### Teoría nebular ou planetesimal

O noso sistema solar formouse hai aproximadamente 4.600 ma a partir dunha nebulosa xiratoria de gas e po estelar que comeza a xirar sobre si mesma. A materia concéntrase no medio da nebulosa dando lugar ao Sol, o resto de materia choca entre si, formándose cada vez fragmentos máis grandes: planetas e satélites.

### Compoñentes do sistema solar


O sistema solar está formado polo sol, oito planetas, os seus respectivos satélites, planetas ananos, cometas e asteroides.

## Movimentos do planeta Terra

Rotación: xiro da Terra sobre si mesma sobre un eixe imaxinario (inclinado  $23'5^\circ$ ) que a atravesa de Polo Norte a Sur. A Terra tarda 24 horas en dar un xiro completo. Este movemento é a causa do día e da noite.

Translación: movemento da Terra arredor do Sol. Percorrido que ten unha duración aproximada de 365 días e 6 horas. O percorrido describe unha órbita lixeiramente elíptica na que se dan 4 posicións principais que son as que determinan as 4 estacións ao longo do ano. As estacións existen debido a 2 factores:

- A distancia que separa a Terra do Sol non é a mesma durante todo o percorrido.
- O eixe de rotación está inclinado  $23'5^\circ$  con respecto ao plano de translación, polo que os raios solares non inciden de xeito uniforme en todo o planeta.



## Satélites naturais da Terra?

A Lúa é o satélite natural da Terra.

### **Efecto que produce ese satélite?**

O efecto que produce son as mareas. As mareas son producidas pola forza da gravidade que exerce a Lúa, e tamén o Sol, sobre as masas de auga da Terra.


Se o Sol e a Lúa non están aliñados, as masas de auga soben nos océanos polares → mareas mortas.

Se están aliñados Sol e Lúa, as augas dos océanos son atraídas cara a eles e a marea sobe na liña do ecuador.

### **Que é un eclipse? Tipos de eclipses. Esquematízalos.**

Fenómeno no que a luz que procede do corpo celeste é bloqueada por outro corpo eclipsante. Existen eclipses de Sol e de Lúa, que ocorren cando Sol e Lúa están aliñados coa Terra dun xeito determinado.

ECLIPSE LUNAR: A Terra interpónse entre Sol e Lúa, proxectando a súa sombra sobre a Lúa. Isto ten lugar durante a Lúa chea. Nun eclipse lunar total, a Lúa pasa a través da sombra interna terrestre (umbra), o que resulta nun escurecemento total ou parcial da Lúa.



**ECLIPSE SOLAR:** A Lúa interpónse entre a Terra e o Sol, bloqueando total ou parcialmente a luz solar. Durante un eclipse solar total, a Lúa cobre completamente o disco solar, creando un breve período de escuridade durante o día. Un eclipse solar parcial ocorre cando a Lúa cobre parcialmente o Sol.

